



A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA AMOSA A SÚA PREOCUPACIÓN POLA CONSTRUCCIÓN DUN PASEO MARÍTIMO NO ESPAZO NATURAL PROTEXIDO DO COMPLEXO ONS-O GROVE

O Concello do Grove e a Secretaría Provincial de Costas, seguen a tramitar un proxecto no que se planifica unha intervención en espazo protexido que provocará un forte impacto ambiental e paisaxístico e ao que xa teñen amosado o seu rexeitamento cidadáns e grupos de defensa ambiental. Trátase de construír un paseo marítimo constituído por unha estrutura de madeira entre a poboación de San Vicente e O Carreiro, sobre sistemas naturais que posúen importantes valores ecolóxicos e paisaxísticos que, dada a súa vulnerabilidade, están amparados por dúas figuras de protección.

A zona na que se pretende materializar o citado proxecto forma parte do espazo natural protexido de Ons-O Grove que ten sido declarado como **Lugar de Importancia Comunitaria** de acordo co establecido na directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitat naturais. Ademais, este espazo, foi tamén declarado como **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais** de acordo co que establece o Decreto 72/2004 do Consello da Xunta de Galicia.

Os datos coñecidos do anteproxecto amosan unha intervención dunha grande dureza e invasividade no espazo protexido. Trátase dunha plataforma de madeira soportada por pilotes que implicará a realización de obras de asentamento dos mesmos e que penetra nas zonas máis sensibles ao impacto do espazo como son áreas de dunas e de urceira costeira.

O reducido das áreas protexidas en Galicia en xeral, e na provincia de Pontevedra en particular, debería levar ás administracións a ser moi prudentes á hora de planificar intervencións agresivas que puideran influír negativamente nelas. No caso que nos ocupa, trátase dunha área de extensión reducida, que sofre xa unha importante presión urbanística no seu entorno e que posúe un valor ambiental de grande importancia dada a escaseza e a excepcionalidade dos seus elementos no noso entorno.

Existen por outra parte na península do Grove, lugares suficientes con posibilidades de desenvolvemento de iniciativas turísticas como para que sexa realmente necesario provocar un impacto como o previsible si se leva adiante a actuación que se pretende. Ademais, si se pretende habilitar unha senda arredor do istmo do Grove, ben podería facerse pasando incluso polo espazo protexido pero exenta de estruturas construtivas impactantes e sen danar elementos claves como as dunas de area e as urceiras máis próximos ás mesmas. Cun custo económico moito menor podería separarse o sendeiro das zonas máis sensibles e, permitindo un mellor disfrute da paisaxe, e sen alterala, conservar os hábitat máis valiosos. Queda claro que, o feito de respectar o espazo protexido, non fai diminuír o atractivo que puidera ter ese entorno si se levase a cabo a actuación, máis ben ao contrario. Dada a degradación á que se ten visto sometido todo o litoral da zona, a conservación dos espazos naturais, incrementará o seu interese e atractivo. A cada vez maior sensibilidade ambiental que amosa a nosa sociedade fai que moitos cidadáns busquen no seu tempo de lecer algo máis que turismo de “sol e praia” e cada vez son máis as persoas que buscan o contacto coa natureza en bo estado de conservación. Un espazo que se altera visual e biolóxicamente, no que se favorece o acceso masivo de turistas, sofre un proceso de degradación que fai diminuír o seu valor e interese social e económico.

O número de especies e ecosistemas protexidos que están presentes incrementan o seu atractivo e abundan na necesidade da súa conservación. En efecto, un total de 11 hábitat da lista da Directiva 92/43/CEE, dous dos cales están catalogados como hábitat naturais prioritarios de acordo con esa norma comunitaria. Por outra banda, un total de 46 especies de animais e plantas que figuran en diversas listas de especies ameazadas están tamén



presentes, entre elas un bo número de aves mariñas e de plantas de litoral. A zona constitúe ademais un importante espazo complementario para algunhas especies protexidas, sobre todo de aves, que aínda estando ligadas directamente ao sistema constituído pola enseada do Bao, atopan na zona de San Vicente e O Carreiro un área complementaria na que desenvolver parcialmente a súa actividade.

Diante da persistencia do Concello do Grove e a Secretaría Provincial de Costas de Pontevedra, en levar adiante unha obra que provocará un forte impacto ambiental e que non reportará ningún beneficio social nin económico, desde a Asociación Pola Defensa da Ría, queremos facer ver a gravidade do dano que se pretende provocar e solicitar das administracións implicadas que, dunha vez por todas, se abandone o actual proxecto, destinando os recursos que requiría, a plans que favorezan a conservación do espazo protexido de Ons O Grove.

Pontevedra, 28 de xaneiro de 2010

Pola Asociación Pola Defensa da Ría,
Benito Andrade